

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

RESOLUCIÓN do 8 de agosto de 2011, do Consello Galego de Relacións Laborais, pola que se convoca a vixésimo segunda edición do Curso superior de relacións laborais.

A Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), publicada no DOG do 11 de xuño de 2008, establece entre as funcións do CGRL, no seu artigo 3.2 h) a de xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

O Pleno do CGRL, integrado pola Confederación de Empresarios de Galicia e polas organizacións sindicais UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG, en xuntanza ordinaria que tivo lugar o 15 de febreiro de 2011, acordou a realización do Curso superior de relacións laborais na súa vixésimo segunda edición, co obxecto de afondar e promover as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e especialización de profesionais nesta materia, e para iso solicita da Universidade de Santiago a súa colaboración para o referido curso.

Conscientes da demanda, pola sociedade galega, de ensinanzas do máis alto nivel no marco das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado cada vez máis concorrente, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos, procédese a convocar a vixésimo segunda edición do Curso superior de relacións laborais, que se desenvolverá segundo as seguintes bases:

Primeira. *Obxecto.*

O curso pretende ser un foro de exposición e debate sobre os profundos cambios producidos anualmente na lexislación laboral, que afectan, ademais de ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do contrato de traballo), á negociación colectiva, á representación dos/das traballadores/as na empresa, á seguridade social e á seguridade e hixiene no traballo. Así mesmo, non cabe esquecer a incidencia que está a ter o dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos Estados membros da Unión Europea.

Segunda. *Destinatarios.*

Dirixese o curso a todas as persoas que están interesadas en adquirir unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, facilitando a súa capacitación para resolver as cuestións suscitadas polas relacións laborais e a xestión de recursos humanos e, en especial, ás persoas licenciadas en dereito, ciencias económicas e empresariais, ou a diplomados/as en relacións laborais, responsables de recursos humanos, xefes/as de relacións laborais, asesores/as e cadros das organizacións sindicais e empresariais, etc.

Terceira. *Contido e horas lectivas.*

O curso contará cun total de 220 horas lectivas distribuídas nos seguintes módulos formativos:

Módulo I	Política e xestión integrada dos recursos humanos	40 horas
Módulo II	Relación individual de traballo	56 horas
Módulo III	Relacións colectivas de traballo	42 horas
Módulo IV	Dereito Administrativo do traballo. Saúde Laboral. Dereito penal do traballo	24 horas
Módulo V	Seguridade social	20 horas
Módulo VI	Dereito social da Unión Europea	8 horas

Para as sesións de inauguración e clausura, así como para as mesas redondas e outras actividades lectivas está previsto un total de 30 horas.

Cuarta. *Calendario.*

A inauguración do curso terá lugar o 11 de novembro de 2011 e rematará o 15 de xuño de 2012. Os días lectivos figuran detallados no programa que se entregará aos alumnos.

As clases impartiranse nas aulas da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela e o horario normal de actividades será en sesión de tarde, desde as 16.30 ata as 20.30 horas.

A dirección do curso poderá modificar o programa de desenvolvemento por circunstancias eventuais que afecten a súa organización. Estas variacións seranlles anunciadas aos asistentes coa suficiente antelación. Cada mes natural entregarase unha relación dos temas que se vaian impartir e dos seus correspondentes relatores.

Quinta. *Inscrición e solicitudes.*

a) Información. As persoas que desexen matricularse no curso deberán poñerse en contacto coa Secretaría Técnica, no Consello Galego de Relacións Laborais, Algalia de Abaixo, 24, 15781 Santiago de Compostela, Telf. 981 95 74 89, telefax 981 54 16 10, e-mail: maria.jesus.diaz.lorenzana@xunta.es, que lles facilitará a información necesaria, o programa do curso e os modelos oficiais de solicitude de admisión e de matrícula. Poderán tamén acceder á información a través da web: <http://cgrl.xunta.es>.

b) Prezo: o prezo que deberá satisfacer o alumnado en concepto de matrícula será de mil douscentos noventa e dous euros con dezaioito céntimos (1.292,18 €), que deberá ser aboado na conta da entidade bancaria que figura no impreso de pagamento de prezos públicos que se enviará ao alumnado unha vez formalizada a súa matrícula na Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela.

O importe da matrícula poderá ser satisfeito nos prazos e contías que a continuación se dispón e que lles será facilitado pola Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua da USC nos ditos períodos:

1.º prazo: 646,09 euros, ata o 9 de novembro de 2011.

2.º prazo: 646,09 euros, ata o día 17 de xaneiro de 2012.

c) Número de prazos: establécese un límite máximo de 75 alumnos/as nesta edición.

d) Forma: as solicitudes de inscrición faranse por escrito, no modelo oficial que se facilita co programa do curso, e deberán ser remitidas ao Consello Galego de Relacións Laborais.

e) Prazo de admisión: o prazo de admisión de solicitudes de inscrición comezará o 1 de setembro e rematará o 30 de setembro de 2011 ou na data en que se cubra a totalidade das prazos ofertadas.

f) Matrícula: os/as alumnos/as admitidos/as deberán formalizar a súa matrícula cubrindo o formulario que se lle indicará desde o Consello Galego de Relacións Laborais e que se presentará na Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua da USC no prazo que se indique, en todo caso antes do 9 de novembro, achegando copia do seu documento de identidade e copia compulsada da documentación acreditativa da titulación de acceso ao dito curso de especialización.

Sexta. Asistencia, avaliación e diploma.

É obrigatoria a asistencia regular a todas as actividades do curso. A asistencia quedará reflectida no correspondente parte, asinado polo alumnado ao comezo e ao remate de cada sesión.

Ao remate de cada módulo o alumnado deberá realizar unha proba sobre os contidos mínimos das materias impartidas naquel. A dita proba terá como finalidade a de verificar o aproveitamento das ensinanzas recibidas e potenciar o debate nas sesións.

A matrícula do curso, a asistencia regular ás ensinanzas programadas e a realización das probas dá dereito á expedición do oportuno título propio pola Universidade de Santiago de Compostela, así como un diploma acreditativo da realización do curso.

A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 20% das sesións académicas privará do dereito á obtención do diploma, sen prexuízo de que poida emitirse a correspondente certificación das sesións ás que concorrese.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2011.

Demetrio Fernández López
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais